



MANANTÍO

X CONCURSO DE CUENTOS REPSOL, S. A.

PRIMER PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autora: **Martina Fernández Bañobre**

ANO 1997

(se é que alguén me atopa) nunca saberán se fun eu, ou se me axudou outro a caer...

Vou andando a modiño, cada vez estou un pouco máis cerca; as bolboretas pasan enchendo o aire de cores, semellan alleas á situación que as rodea, á situación que nos rodea a todos... vexo ó lonxe os montes verdes, enchidos de carballos e castiñeiros, vexo as leiras do Felipe, e o camiño que vai ó pobo... está deserto; non hai agora quen se atreva a rondar por el; agora lembro os días de romaría, cando os gaiteiros enchían a mañá coas súas notas brincadeiras e as mozas ateigaban o aire con olores doces, de xabrón de flores... paréceme imposible que se trate dos mesmos camiños. Agora a metade daqueles gaiteiros xa non están nas súas casas, nin nas súas aldeas, por estar, non están sequera neste mundo...

Xa chego, xa estou a chegar. Teño a gorxa seca coma se rematara de beber un vaso de pós de talco. Os pés están todos cheos de vinchas, xa semella que nacen unhas enriba doutras... as miñas roupas están pegadas ó corpo, e teño o pelo todo mollado. A barba está xa longa, de case dúas semanas, e teño fame, moita fame. Non din feito para que María me atopara e me dera iso, e agora non sei como hei facer... estamos todos metidos nesta merda ata as orellas, e o máis fodido desta trapallada é que ninguén quere formar parte dela.

Estou a piques de ver o que agochan estes outeiros, non estou seguro de querer sabelo... xa nada me sorprendería. Ó borde do desfalecemento arrastro o

meu corpo duramente castigado polos sucesivos días á intemperie, semella que o aire xa non chega ós meus pulmóns, non podo respirar... caín ó chan, teño a cara escura, as roupas escuras, as mans escuras,... a miña alma está magoada e escura, marrón, suxa... quero morrer aquí, ¿que mellor xeito de facelo? Sen dubidalo prefiro morrer eu só, e non dando un paseo polos camiños afastados da xente... así fóronse xa moitos; deses nunca se volta a falar.

¡Deus bendito!, ¡a fonte nova!, oíra falar dela en varias ocasións, pero descoñecía que estivese aquí. É unha fonte que fixeron (segundo me contaron) os mozos da parroquia do lado; está debaixo dunha aciñeira que lle fai sombra, feita con pedras ben xeitosas e todas encaladas,... e no medio brótalle un chorriño da miña vida que xa estaba marchando cara ó ceo implacable,... baixou uns cantos metros en canto cheguei á auga bendita. Bebín desa auga durante máis de dez minutos, tiña o bandullo tan enchido dela que facía ruído ó camiñar... camiñei paseniño ata os pés da aciñeira, a herba existía alí, e estaba verde aínda; pouco fun quedando durmido, inquadábame o pensamento de que tal vez aquel soño fose o derradeiro... pero vencín en duro combate ós meus demos e fiquei durmido baixo a árbore escura, baixo a escura sombra da árbore.

Descoñezo por completo o tempo que durou a situación, pero o que si teño ben claro é a causa de que rematara...

De súpeto abrín os ollos e escoitei disparos, disparos de balas grises que abrían sulcos afiados no aire quente do serán. Balas mortais. Ó erguerme vin dous corvos que se entretiñan debuxando círculos sobor da miña cabeza... estaba perdido... a piques de tirarme arrolando polo monte embaixo vin que eran cinco; eles non percibiran aínda a miña atemorizada presenza... catro deles fixeron un xiro brusco no seu rumbo e marcharon decididos cara Covelo, o outro camiñaba paseño cara min... morto de medo asomei a miña expresión despavorida por detrás do tronco que me protexía... ¡Deus bendito!... que marabilla... a miña ledicia non puido ser meirande ó descubrir que era o meu irmán Paco, o meu irmán máis novo, quen se achegaba a modo cara á miña situación descoñecida aínda para el... levaba as roupas limpas, ía aseado e tiña un bigotiño debaixo do nariz, un bigotiño que cáseque semellaba estar debuxado no seu rostro...

Xa estaba cerca de min, e decidinme a saír do meu escondedoiro para darlle unha sorpresa sen dúbida agradable.

—¡Paco!, ¡Paquiño!, ¿que fas ti por aquí, oh? achégate a min e dáme un bico.

—Ola, Leandro, andaba a buscarte.

A miña alegría era infinita, levaba na cara un sorriso que se me antollaba perpetuo, entón o meu irmán, os seus vinte recién cumpridos, botou a man ó peto e...

.....

Vai un calor abafante. Subo polos montes enriba; os camiños están poentos e fan que pequenos neboiros

escuros se espaxen polo aire como consecuencia dos meus pasos cansos... a suor percorre a miña fronte enrugada e esvara a modo polo pescozo, ata perderse por entre os peliños prateados que se entrelazan no meu peito fatigado. Camiño a modo, moi lentamente, o ceo ten unha cor azul intensa, coroada por unha laranxa de lume redonda e quente que descarga a súa cólera sobor da miña testa espida. Pouco a pouco, paseniñamente, diríxome a un lugar prohibido para min polas pantasma dos meus escuros pensamentos. Non estou seguro do que ocorrerá cando alcance o cumio dun sufrimento que durante tanto tempo agochei tras dunha coiraza de falsa insensibilidade, descoñezo o que ocorrerá cando alcance o cumio dos outeiros verdes e vexa de novo os vales, e a estrada que vai ó pobo, e a autovía de Covelo, esa que fixeron por riba das leiras de Felipe... A modo, moi a modiño, camiño hipnotizado, levado en brazos dunha brisa invisible que me arrastra cara ó lugar que tantas ansias levou ás miñas noites de insomnio; noites de pesadelo mortal e escuro, de pesadelo vermello que rodeaba os meus ollos non sei moi ben se culpables ou inocentes cunha vendaxe de fratricidio ensanguentada, amarrada tan fortemente que endexamais fun quen de desatala da miña testa ategada de suxos remordementos. Estou a piques de chegar, xa podo ve-la aciñeira, que grande está; vexo tamén a fonte vella, cun chorriño pequeno de auga amarga e afiada que fire as pedras malamente encaladas, as pedras testigos mudos dun acontecemento fatal. Si, xa podo velo, Paco, Paquiño está apoiado

no bordo esquerdo da fonte, cos ollos fixos no meu mirar... brillan, semella que xa non lles resta un ápice de sentimento, xa non existe a vida nos seus ollos. A súa expresión ausente á miña incontida ledicia, non sei que é o que lle pasa, meu irmán, eu quérote, cos ollos lanza un mirar desvaído que se perde polo aire morno sen chegar a ningures, entón, entón leva a man dereita ó peto dun traxe impecablemente caqui, e saca unha pistola que cheira á morte dun ser noutros tempos querido; Paquiño, ¿que fas, oh?; non resposta, ergue a man no aire asasino da tarde e apunta ó meu peito incrédulo coa frialdade propia de quen non leva miolos dentro do cranio, de quen non leva corazón dentro do peito... asustado metinme trala árbore e o seu disparo perdeuse no medio do aire espeso, rapidamente, imbuído polo medo que corría polas miñas veas, collín do chan unha pedra grande e dura que non lanzou a miña man, senón a ira contida pola situación que fería as miñas entrañas... Ficou tirado no chan; eu estaba equivocado. Paco si tiña miolos, uns miolos lavados que se lavaron de novo na auga cortante da fonte, ficaron espaxados polo chan seco, morto, que se tinxiu da cor máis vermella que endexamais vira... dunha cor que corre tamén polos rincóns máis ocultos do meu corpo e me doe na noite anguriente... Na maldita morte do día que revive o solpor da vida de Paco, de Paquiño... lentamente a súa imaxe roxa desaparece ante os meus ollos húmidos, xa somentes quedan a árbore e a fonte, a fonte de pedra encalada e augas frías que leva tatuado agosto do 36...